

Produto interior bruto

O PIB galego incrementouse no 2º trimestre de 2017 en 0,9 décimas, o mesmo valor acadado no conxunto do Estado. Isto supón un incremento en taxa interanual en Galicia do 3,2%, unha décima por riba do valor do PIB estatal, tal e como xa sucedera no trimestre anterior, o que supón un total de catro trimestres nos cales o PIB galego crece por riba do PIB español, mesmo cun lixeiro incremento do crecemento do PIB neste trimestre.

A variación trimestral adiantada para o PIB estatal do 3º trimestre foi dun 0,8% (3,1% en termos interanuais, en liña co dato do 2º trimestre).


Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2010=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2012-2017 (*)

	% (T/T-4)	2012	2013	2014	2015	2016	1T14	2T14	3T14	4T14	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17
Galicia		-3,2	-0,4	1,1	2,1	3,1	1,0	0,8	1,2	1,3	1,6	2,1	2,2	2,6	2,9	3	3,3	3,2	3,1	3,2
España		-2,9	-1,7	1,4	3,4	3,3	0,5	1,0	1,8	2,2	2,9	3,4	3,6	3,8	3,5	3,4	3,2	3,0	3,0	3,1

Fuentes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE

(*) En data 02.10.2017 foron actualizados e revisados os datos estatísticos da Contabilidade Trimestral, como consecuencia da incorporación das novas series da Contabilidade Nacional Anual publicadas o 12/09/2017. A información actualizada está dispoñible para a súa consulta na web do INE

Variación porcentual trimestral do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2010=100. Taxas de variación interanual corrixidas de estacionalidade e calendario) Galicia- España, 2012-2017



Poboación activa, contratación, paro rexistrado e afiliación á Seguridade Social

No 3º trimestre de 2017, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) sinala que en Galicia reduciuse a poboación activa en -10.400 persoas respecto do mesmo trimestre do ano anterior, se ben aumentou en 3.900 persoas respecto do 2º trimestre, cun incremento do 0,3% lixeiramente superior ao do Estado. A redución da poboación activa en termos interanuais foi do -0,8%, mentres que en España o descenso foi menor, dun -0,3% (-67.400 persoas activas menos). Pola súa banda, a ocupación en Galicia amosou un comportamento positivo no 3º trimestre, cun aumento de 23.600 persoas ocupadas neste trimestre (o 2,25%, porcentaxe superior á media española), e de 14.600 persoas nos últimos 12 meses (o 1,38%, inferior á media española do 2,8%). Deste xeito, cando remata o 3º trimestre hai en Galicia 1.072.500 persoas ocupadas, o que supón unha taxa do 45,8%, taxa inferior en 3,4 puntos porcentuais respecto da española. En canto á taxa de paro, a EPA fíxaa no 14,5% da poboación activa, o que supón unha redución do 1,6% nos últimos tres meses, e do 1,8% nos últimos doce. Esta taxa deixa o paro galego neste trimestre 1,9 puntos porcentuais por baixo da media en España e fixa o número de persoas desempregadas neste trimestre en 181.700.

No relativo á contratación, no 3º trimestre do ano asináronse 299.667 contratos novos en Galicia, un 13% máis respecto dos asinados no 2º trimestre, e un 6,7% máis respecto do 3º trimestre de 2016. Por sectores de actividade, e no que atinxe á comparación cos meses de abril a xuño, destaca o incremento da contratación en agricultura e pesca, habitual neste trimestre, seguido dos sectores servizos e industrial. A contratación na construción apenas creceu neste trimestre e, na comparación co sucedido no 3º trimestre do ano pasado, apréciase unha redución no número de contratos asinados neste sector superior ao -7%. En taxa interanual, o sector industrial rexistrou o maior incremento en número de novos contratos asinados cun 11,5%, seguido do sector servizos (6,9%). Se nos fixamos no tipo de contrato asinado, todos os tipos de contrato se incrementaron respecto do 2º trimestre por riba do incremento global do 13% antes mencionado, excepto o número de contratos indefinidos, que se reduciu nun -1,6%. En taxa interanual, pola contra, o tipo de contrato indefinido foi o que máis se incrementou nestes 12 meses (un 12,1%): Os contratos asinados nas categorías de formación/prácticas e outros reducíronse notablemente respecto do mesmo trimestre de 2016.

En termos absolutos, o mes de setembro detívose a tendencia de diminución do paro rexistrado que viña prolongándose desde o mes de xaneiro, tal e como xa ocorrera en anos anteriores. Resulta máis preocupante a tendencia da variación interanual do paro rexistrado pois, se ben os valores porcentuais de redución do paro mantense por riba do 5% ao final do trimestre, estase a observar unha ralentización no ritmo de decrecemento do paro rexistrado. Tras doce meses consecutivos nos que o descenso ano a ano superaba a cifra de 20.000 persoas desempregadas menos, en xuño xa foran menos de 18.000 e, en cada mes deste trimestre, o descenso no número de persoas desempregadas nos últimos doce meses foise reducindo, de xeito que, a final de setembro, o número de persoas desempregadas respecto ao 30.09.2016 foi de -10.279.

O efecto da diminución do paro rexistrado amosa un claro nesgo de xénero: A 30 de setembro de 2012, o número de mulleres paradas e rexistradas era un 3,0% maior que o número de homes na mesma situación. Cinco anos despois, o número de mulleres en paro rexistradas é un 14,8% máis que o de homes. O análise por sector de actividade nos aporta máis claves sobre o que está a acontecer: o sector da construción segue a ser o que

mantén un ritmo máis elevado de diminución do paro rexistrado, seguido da industria, se ben nesta apréciase tamén certa diminución do ritmo de decrecemento. A redución do paro rexistrado nos servizos nos últimos 12 meses foi dun -3,2%. Os sectores primario e sen emprego anterior apenas amosan variación interanual. Por rangos de idade, os máis beneficiados polo descenso do paro rexistrado son as persoas entre 30 e 45 anos.

Os datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social para o 3º trimestre do ano indican que a tendencia ao alza na afiliación observada nos meses anteriores mantívose e mesmo acelerouse en xullo, para desacelerarse en agosto e mesmo rexistrarse en setembro un descenso da afiliación en termos absolutos mes a mes. En comparación, a afiliación en España aumentou en xullo e, en menor medida, en setembro, mentres que se reduciu intensamente no mes de agosto. Porén, atendendo á evolución da afiliación en termos interanuais, obsérvase que ao longo de todo o trimestre se estivo a incrementar en valores practicamente constantes en España (entre o 3,5 e o 3,6%) mentres en Galicia o crecemento desta variable produciuse con menor intensidade, e pásase dun crecemento da afiliación do 2,3% en xullo a valores moi próximos ao 2% en agosto e setembro.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 3º Trimestre 2017

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.254,2	3,9	0,3	-10,4	-0,8
España	22.780,9	53,3	0,2	-67,4	-0,3

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 3º Trimestre 2017

3T 2017	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
TOTAL	181.871	181.125	184.057	-7.794	-746	2.932	-4,1%	-0,4%	1,6%	-13.586	-11.920	-10.279	-7,0%	-6,2%	-5,3%
Homes	78.423	77.524	78.343	-4.517	-899	819	-5,5%	-1,1%	1,1%	-9.320	-8.090	-7.103	-10,6%	-9,4%	-8,3%
Mulleres	103.448	103.601	105.714	-3.277	153	2.113	-3,1%	0,1%	2,0%	-4.266	-3.830	-3.176	-4,0%	-3,6%	-2,9%
<30 anos	22.427	22.714	24.057	-1.383	287	1.343	-5,8%	1,3%	5,9%	-1.775	-1.652	-658	-7,3%	-6,8%	-2,7%
entre 30 e 44 anos	62.742	62.415	63.397	-3.306	-327	982	-5,0%	-0,5%	1,6%	-7.014	-6.116	-5.750	-10,1%	-8,9%	-8,3%
>44 anos	96.702	95.996	96.603	-3.105	-706	607	-3,1%	-0,7%	0,6%	-4.797	-4.152	-3.871	-4,7%	-4,1%	-3,9%
Agricultura e Pesca	6.356	6.081	6.441	-722	-275	360	-10,2%	-4,3%	5,9%	-678	-741	-28	-9,6%	-10,9%	-0,4%
Industria	20.963	20.935	21.240	-1.051	-28	305	-4,8%	-0,1%	1,5%	-2.628	-2.419	-2.270	-11,1%	-10,4%	-9,7%
Construción	18.307	17.916	17.433	-962	-391	-483	-5,0%	-2,1%	-2,7%	-4.264	-3.817	-3.812	-18,9%	-17,6%	-17,9%
Servizos	119.929	119.921	122.537	-4.925	-8	2.616	-3,9%	0,0%	2,2%	-5.438	-4.403	-4.096	-4,3%	-3,5%	-3,2%
Sen emprego anterior	16.316	16.272	16.406	-134	-44	134	-0,8%	-0,3%	0,8%	-578	-540	-73	-3,4%	-3,2%	-0,4%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 3º Trimestre 2017

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior
3º Trimestre 2017	299.667	34.368	13,0%	18.883	6,7%
Homes	157.425	16.866	12,0%	8.608	5,8%
Mulleres	142.242	17.502	14,0%	10.275	7,8%
<30 anos	104.148	17.276	19,9%	8.285	8,6%
entre 30 e 44 anos	123.918	9.057	7,9%	3.750	3,1%
>44 anos	71.601	8.035	12,6%	6.848	10,6%
Indefinido	19.851	-319	-1,6%	2.137	12,1%
Temporal	273.456	33.508	14,0%	19.770	7,8%
Prácticas / Formación	2.590	679	35,5%	-1.011	-28,1%
Otros	3.770	500	15,3%	-2.013	-34,8%
Agricultura e Pesca	10.867	3.959	57,3%	354	3,4%
Industria	41.981	3.444	8,9%	4.342	11,5%
Construción	12.237	124	1,0%	-942	-7,1%
Servizos	234.582	26.841	12,9%	15.129	6,9%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Economía, Emprego e Industria

Datos de afiliación á Seguridade Social. Galicia-España, 3º Trim. 2017

	Afiliacións media 3º Trim 2017			Variacións											
	xullo	agosto	setembro	mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	
Galicia	996.598	998.891	992.258	16.720	2.293	-6.633	1,71%	0,23%	-0,66%	22.625	19.787	19.371	2,32%	2,02%	1,99%
España	18.489.329	18.309.844	18.336.161	56.222	-179.485	26.317	0,31%	-0,97%	0,14%	644.337	609.849	624.140	3,61%	3,45%	3,52%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

Sinistralidade

Despois dun 1º trimestre onde a sinistralidade laboral incrementouse respecto do ano anterior, no 2º trimestre rexistrouse un descenso dos accidentes con baixa en xornada laboral en Galicia do -6,5%. Este descenso produciuse en todos os sectores de actividade tanto para os accidentes leves (o -6,4%) como para os graves (o -18,1%). Porén, o número de accidentes mortais aumentou nun 12,5% neste trimestre respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.

O análise por sectores amosa que os accidentes diminuíron principalmente nos sectores agrícola e pesqueiro, con reducións no entorno do -15%, seguidos do sector servizos, cunha redución do -9,2% dos accidentes con baixa en xornada laboral. A industria foi o sector cunha redución da sinistralidade laboral máis feble, tan só dun -0,3%. No que respecta aos accidentes mortais, compre sinalar que os incrementos na mortalidade rexistrados na pesca e mais na construción non se viron compensados pola redución dos accidentes mortais rexistrada no sector servizos e no agrícola.

Se nos fixamos nos índices de incidencia podemos ver tamén unha redución interanual para o 2º trimestre dun -9,0%. Os sectores primarios e o sector servizos rexistraron reducións dos seus correspondentes índices de incidencia por riba da media total, e os sectores industrial e da construción, inferiores a dita media.

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (2º Trimestre 2016-2017)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var
Agricultura	283	246	-13,1	12	10	-16,7	1	0	-100,0	296	256	-13,5
Pesca	275	233	-15,3	17	9	-47,1	3	5	66,7	295	247	-16,3
Industria	1.887	1.884	-0,2	28	25	-10,7	2	2	0,0	1.917	1.911	-0,3
Construción	749	715	-4,5	21	20	-4,8	1	5	400,0	771	740	-4,0
Servizos	3.243	2.950	-9,0	49	40	-18,4	9	6	-33,3	3.301	2.996	-9,2
Total	6.437	6.028	-6,4	127	104	-18,1	16	18	12,5	6.580	6.150	-6,5

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Indices de incidencia por sectores de actividade en Galicia (2º Trimestre 2016-2017)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var
Agricultura	874,5	781,1	-10,7	37,1	31,8	-14,4	3,1	0,0	-100,0	914,7	812,9	-11,1
Pesca	1508,4	1271,3	-15,7	93,3	49,1	-47,3	16,5	27,3	65,7	1618,1	1347,7	-16,7
Industria	1527,0	1489,5	-2,5	22,7	19,8	-12,8	1,6	1,6	-2,5	1551,3	1510,8	-2,6
Construción	1540,9	1448,5	-6,0	43,2	40,5	-6,2	2,1	10,1	391,7	1586,2	1499,2	-5,5
Servizos	582,6	513,5	-11,9	8,8	7,0	-20,9	1,6	1,0	-35,8	593,0	521,5	-12,1
Total	825,9	753,4	-8,8	16,3	13,0	-20,2	2,1	2,3	9,8	844,2	768,6	-9,0

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Conflitividade laboral

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social para 1º semestre, en Galicia leváronse a cabo 43 folgas, o que supón un aumento dun 30,3% fronte as do mesmo período do ano 2016, incremento que tamén tivo lugar no conxunto do Estado, aínda que con menor intensidade (un 15,5% máis). Este incremento da conflitividade reflíctese en todos os parámetros observados tanto en Galicia como no conxunto do Estado: así, o número de traballadores participantes en folgas incrementouse en Galicia nun 132,4% mentres no Estado o número de participantes en folgas se incrementaba no mesmo período nun 34,8%. Por último, sinalar que as xornadas non traballadas con motivo de folga aumentaron en Galicia un 280,0% e no conxunto de España o fixeron nun 27,8%. En resumo: o aumento da conflitividade laboral en Galicia que xa se observara na anterior edición deste boletín mantense e, no que respecta a traballadores participantes e xornadas non traballadas, mesmo se incrementa de xeito moi notable, superando con moito o incremento que tamén se produce no conxunto do Estado.

Folgas realizadas, traballadores participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Xuño 2017

	Folgas		Traballadores participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	43	10	20.457	11.656	37.406	25.574
España	425	57	116.899	30.181	252.136	54.893

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

(datos provisionais)

Datos de expedientes de regulación de emprego

Tras pechar os datos dos Expedientes de Regulación de Emprego en Galicia nos oito primeiros meses de 2017, apréciase unha diminución importante no conxunto dos expedientes tramitados (133 fronte a 317 no período de referencia do ano pasado, un descenso dun -58,0%). Este descenso non afecta a todos os tipos de medida, xa que os expedientes por despedimentos colectivos aumentaron nun 19,2% respecto a 2016. Porén, os de redución de xornada diminuíron notablemente (-68,6%) nestes oito primeiros meses do ano e os relacionados con suspensión de contratos reducíronse neste período nun -58,0%. Se nos fixamos nos sectores de actividade afectados vemos que en todos os sectores se apreciou unha redución de expedientes, desde case que un 90% na pesca ou case á metade na construción (-46,7%) a diminucións comparativamente máis modestas pero tamén moi importantes no sectores servizos e industrial.

Se nos fixamos no número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego tamén se aprecia unha redución, en liña coa rexistrada para o número de expedientes, de xeito que as persoas afectadas por ERE reducíronse nun -57,8% respecto ao mesmo período de tempo do ano 2016. Compre engadir que, se ben a redución afecta a todos os tipos de expediente, tanto en suspensión de contratos como en redución de xornada, acada valores ao redor do -65%, mentres que a redución de afectados/as por despedimentos colectivos foi dun -3,6%. No que atinxe ás persoas afectadas en función do seu sexo, a redución foi moito maior entre os homes (o -67,2%) que entre as mulleres (o -31,2%). A redución foi menor para elas en todos os tipos de ERE e, no caso dos relacionados con despedimentos colectivos, mesmo produciuse un incremento no número de mulleres afectadas (un 64,9% máis).

Expedientes de regulación de emprego segundo a medida e o sector de actividade. Galicia, Xaneiro-Agosto 2017

	Despedimentos colectivos			Suspensións de contratos			Reducións de xornada			Totais		
	2016	2017	%Var.	2016	2017	%Var.	2016	2017	%Var.	2016	2017	%Var.
Agricultura	0	0	0,0%	0	0	0,0%	0	0	0,0%	0	0	-----
Pesca	2	2	0,0%	133	12	-91,0%	1	0	0,0%	136	14	-89,7%
Industria	7	11	57,1%	23	18	-21,7%	15	9	-40,0%	45	38	-15,6%
Construción	5	3	-40,0%	18	8	-55,6%	7	5	100,0%	30	16	-46,7%
Servizos	12	15	25,0%	33	27	-18,2%	61	23	-62,3%	106	65	-38,7%
TOTAL	26	31	19,2%	207	65	-68,6%	84	37	-56,0%	317	133	-58,0%

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego

A *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o 2º trimestre de 2017 indica que o valor medio do custo salarial por persoa traballadora e mes foi de 2.259,1€ no trimestre (un aumento interanual dun 1,2%). Respecto dos custos salariais, o seu valor medio por persoa traballadora e mes no 2º trimestre do ano en Galicia foi de 1.662,5€ (un incremento interanual do 1,3%)

No relativo aos custos por hora efectiva, no 2º trimestre de 2017 o aumento notable en cómputo interanual observado para o custo laboral (o 4,3%) racha coa tendencia negativa deste parámetro nos dous trimestres anteriores. No que atinxe ao custo salarial por hora efectiva tamén se rexistrou un incremento destacable neste 2º trimestre (o 4,4%). Tal e como xa sucedera no trimestre anterior, o feito de que Semana Santa se celebre no 2º trimestre este ano, a diferenza do acontecido o ano 2016, inflúe no cómputo interanual deste parámetro, pois implica menos horas efectivas no trimestre, o cal aumenta o valor dos custos por hora efectiva.

Custos laborais e salariais. Galicia. 2012-2017

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2012	2.206,2	-2,6	-----	-----	1.618,1	-3,1	-----	-----
2013	2.260,2	2,4	-----	-----	1.656,0	2,3	-----	-----
2014	2.261,4	0,0	-----	-----	1.654,0	0,0	-----	-----
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4

Fonte: INE (*Encuesta trimestral de coste laboral*)

Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital

No 3º trimestre de 2017 constituíronse 830 sociedades mercantís, dato que supón un descenso do -22,7% no número de sociedades constituídas no 2º trimestre e supón tamén decrecemento do -17,6% na constitución de sociedades respecto do 3º trimestre de 2016. O capital co que estas sociedades foron constituídas tamén se reduciu, tanto respecto ao pasado trimestre (-84,6%) como respecto ao mesmo trimestre de 2017 (-14,8%). O número de sociedades que ampliaron capital tamén baixou dun xeito importante respecto ao 2º trimestre (un -46,8% no respectivo ao número de sociedades, e un -24,9% respecto ao capital ampliado). Respecto ao 3º trimestre de 2016, se ben o número de sociedades que ampliaron capital creceu un 3,9%, o capital ampliado nelas reduciuse de xeito importante (un -72,7%).

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 3º Trimestre 2017

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	%variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	%variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	830	24.040,1	-244	-84,6%	-172	-14,8%
Sociedades que ampliaron capital	269	60.525,9	-126	-24,9%	11	-72,7%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Sociedades mercantís disoltas ou que reducen capital, 3º Trimestre 2017

	3T17	2T17	3T16
Sociedades disoltas	213	261	229
Sociedades que reducion capital	55	38	58
Sociedades en situación concursal	47	59	29

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

O número de sociedades disolvidas tamén se reduciu no 3º trimestre, máis respecto do trimestre anterior que respecto ao terceiro trimestre de 2016 (un -18,4% e un -7,0% respectivamente), mentres que as sociedades que reducion o seu capital medraron un 44,7% respecto ao trimestre anterior (se ben neste caso o comportamento desta variable mellora ao que tivo no mesmo trimestre de 2016, con -5,2% menos sociedades que reducion capital).

Tamén se rexistraron tres procesos de escisión de empresas, dez de fusión e 47 entraron en situación concursal (12 menos que no trimestre anterior, pero 18 máis que no 3º trimestre de 2016).

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Transcorridos xa os tres primeiros trimestres de 2017, no Consello Galego de Relacións Laborais rexistráronse 69 solicitudes de mediación e arbitraje ao abeiro do AGA, manténdose a porcentaxe de acordos acadados por riba do 80% naquelas mediacións e arbitrajes que foron aceptadas polas partes. Compre sinalar a intervención eficaz do AGA en conflitos de grande repercusión social, entre o que destaca o do sector de Transporte de Viaxeiros por Estrada nas catro provincias galegas. Tamén no eido da negociación colectiva proseguíu a actividade do Consello, con xuntanzas na procura de sinatura de diversos convenios colectivos de sector.

No relativo á función consultiva do Consello, a 30 de setembro a Comisión delegada de ditames informou sobre 32 proxectos de orde no eido laboral, remitidos para o seu ditame desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Neste trimestre o Consello retomou con forza o seu traballo como fomentador do debate social sobre as todo tipo de cuestións que afectan ao eido sociolaboral. Así, no mes de setembro leváronse a cabo xornadas nas catro capitais de provincia galegas sobre “A dimensión económica e social do salario e os novos sistemas retributivos” así como seminarios sobre situacións mixtas de traballo presencial e teletraballo, e sobre economía colaborativa e multiservizos. En total, estas xornadas contaron con 270 asistentes.

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva do Consello: http://cgrl.xunta.es/g_necol2.html